

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

1.- PERSOAS AFECTADAS POR ERTES:

Lembramos que **as persoas afectadas por un ERTE non teñen que solicitar cita previa co SEPE e polo tanto, non teñen que presentar solicitude de prestación por desemprego.**

A xestión da súa prestación tramitarase entre a súa **empresa e o SEPE directamente.**

As persoas afectadas por un ERTE **percibirán unha prestación do 70% da Base Reguladora**, durante o tempo que permanezan no ERTE.

Durante os **6 meses** seguintes á finalización do ERTE os traballadores afectados polo mesmo, **non poderán ser despedidos** da empresa.

Esta prestación **non consume as cotizacións ao desemprego** que as persoas afectadas por un ERTE teñan acumuladas con anterioridade ao mesmo.

Os traballadores/as afectados por un ERTE que non teñan dereito a prestación por desemprego por non ter cotizado o período mínimo para elo, **percibirana igualmente.**

2.- RESTO DE PERSOAS DESEMPREGADAS:

Durante o período de vixencia das medidas extraordinarias en materia de saúde pública adoptadas polas autoridades para combater os efectos da extensión do COVID-19, **as persoas que pasen a situación de desemprego (que non estean incluídos nun ERTE)**, poderán solicitar por vía telemática unha **pre-solicitude de prestación por desemprego ou subsidio** dende a páxina do SEPE (<https://sede.sepe.gob.es/>), enviando un formulario, para que posteriormente un xestor SEPE se poña en contacto con vostedes nos próximos días, para formalizar a súa solicitude.

O Concello de Vedra pon á súa disposición os medios humanos e técnicos, para realizar estas xestións se vostede o considera oportuno, polo que aquelas persoas que pasen á situación de desemprego (non incluídos nun ERTE), **poderán chamar aos teléfonos 981814692 ou 669450801**, para a tramitación da pre-solicitude.

Se vostede está en situación de desemprego NON MOTIVADA POR UN ERTE, recórdaselle que **durante o estado de alarma os prazos de presentación de solicitude están suspendidos**, polo tanto non é requisito que se presente a solicitude nos 15 días hábiles seguintes á baixa na Seguridade Social.

3.- MAIS INFORMACIÓN:

Para calquera dúbida ou xestión poderán contactar telefonicamente no número 669.450.801 en horario de oficina de 9.00 a 14.00 horas ou a través do correo electrónico empregoformacion@concellodevedra.com.